

Dúas cidades diferentes en case todo pero iguais nos “vicios”: a prostitución en Santiago de Compostela e Vigo durante o primeiro tercio do século XX

HERMINIA PERNAS OROZA, MANUEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O estudo da prostitución en Galicia é un campo de investigación novo, xa que se comezou a tratar na década dos noventa do pasado século. O obxectivo deste traballo é presentar en común os casos de dúas cidades que xa tiñan sido estudias por separado. Hai que subliñar os abundantes aspectos comúns que presentaba o exercicio da prostitución nos dous núcleos urbanos: prostitutas regulamentadas con perfíles moi similares que tiñan moi difícil abandonar a actividade, coincidencias na súa procedencia xeográfica, alto grado de mobilidade que as levaba a establecerse nos principais núcleos urbanos galegos que conformaban un circuíto propio. Por último, sinalar que as autoridades trataban de sanear este “vicio” con escasos resultados, pois a cotío o que establecía a regulamentación e a realidade do que pasaba nos prostíbulos ían por camiños diferentes.

Palabras chave: Prostitución en Galicia, “Higiene Especial”, Vigo, Santiago de Compostela

ABSTRACT

Prostitution in Galicia is a quite new research field, first studies on tis topic came out only by the turn of the century. The aim of this paper is to study prostitution in Santiago de Compostela and Vigo during first decades of twenty century. This study shows the existence of common aspects in boht cities: geographical extraction of prostitutes, similar profiles, high of geographical mobility, etc. The authorities tried to solve this problem through regulations but they did not reach good results.

Keywords: Prostitution in Galicia, “Especial Hygiene”, Vigo, Santiago de Compostela.

Habiéndola visto Judás se imaginó que era una prostituta porque ella se había tapado la cara para no ser reconocida. Y se adelantó hacia ella y le dijo: Permitidme que me aproxime a vos (...). Ella le respondió: ¿Qué me dareis vos por gozar de mi?

Yo os enviaré un cabrito de mi rebaño. Ella repitió: Yo os concederé lo que quereis, si me dais una fianza de enviarme lo que me habeis prometido. ¿Qué fianza exigís? Le dijo Judás. Ella respondió: vuestro anillo, vuestro brazalate y el bastón que tenéis en la mano. Y así, la mujer, a un solo coito, concibió.

(*Génesis*, XXXVIII, 15)

1. UN "RESCATE" HISTORIOGRÁFICO: A HISTORIA DA PROSTITUCIÓN

Durante as últimas décadas a historia social foi ampliando progresivamente os seus campos de investigación coa aparición de novos temas e métodos; de aí a súa fragmentación en múltiples especialidades, que van desde a demografía histórica, a historia social urbana, a historia da familia, das mulleres, da sexualidade, etc. ata o estudio dos movementos sociais e dos fenómenos de protesta social. A historia da prostitución, integrada na historia da sexualidade, constitúe unha parcela máis dentro destes novos campos de estudio¹. Chega a España nos anos oitenta e a ela achegáronse numerosos autores, tratándoa desde diferentes enfoques cronolóxicos, ámbitos de investigación (estudios locais, rexionais e análises de conxunto) e esquemas interpretativos (a súa regulamentación, os mecanismos de vixilancia e control social, a asistencia sanitaria, o perfil sociolóxico das prostitutas, a orixe socioprofesional das mesmas, etc.). Estas circunstancias provocaron que Jean-Louis Guereña, ó referirse ó panorama historiográfico sobre a prostitución en España, sinalase que esta pasara de ser un tema "abandonado" ós historiadores da Medicina e do Dereito (debido á estreita relación que mantiña a prostitución coas enfermidades venéreas e cos aspectos legais e delictivos que comportaba) a ser tratado pola historia social².

No conxunto estatal os estudos acerca da prostitución reflicten un reparto xeográfico moi desigual, sendo as áreas que contan cun maior número de publicacións

-
- 1 Hobsbawm, Eric. J., "De la Historia Social a la Historia de la Sociedad", *Historia Social*, 10, 1991, pp. 5-25. Núñez Florencio, Rafael, *Sociedad y Política en el siglo XX. Viejos y Nuevos Movimientos Sociales*, Síntesis, Madrid, 1993, pp. 12-25. Guereña, Jean-Louis, "De historia prostitutionis. La prostitución en la España contemporánea", en Esteban de Vega, Mariano (ed.), *Ayer*, 25, 1997, pp. 35-72.
 - 2 Manifiesta este historiador que xa se dispón dunha relativa boa aproximación á prostitución na España contemporánea, en especial para a segunda metade do século XIX. E aínda que non se ten acadado unha situación plenamente satisfactoria, alomenos puido superarse o baleiro que existía hai vinte e cinco anos. Guereña, Jean-Louis, art. cit. Guereña, Jean-Louis, "La historia de la prostitución en España, siglos XIX y XX", en *Bulletin d'Histoire Contemporaine de l'Espagne*, 25, 1997, pp. 29-36. Máis pesimistas amósanse Andrés Moreno e Francisco Vázquez ó afirmaren que fica case todo por saber e expoñen como razóns o pouco tempo (a penas unha década) que a prostitución leva sendo tratada desde a perspectiva da historia social xunto coa carencia de fontes dispoñibles, que condicionan os esquemas de análise. Moreno Mengibar, Andrés e Vázquez García, Francisco, "Prostitución y racionalidad política en la España contemporánea: un continente por descubrir", en *Historia Contemporánea*, 16, 1997, pp. 67-88.

Andalucía (especialmente Cádiz e Sevilla), Cataluña (agás Lleida) e Madrid³. O caso galego non sae beneficiado neste reparto e a razón obedece ó pouco tempo que leva tratándose esta temática, xa que todos os estudos xurdiron no decurso da década dos noventa⁴. Sete foron os títulos constatados, dos que, curiosamente, cinco tratan sobre a cidade de Santiago e tan só un reflicte os casos de A Coruña e Vigo⁵. É evidente o carácter local destes estudos e aínda máis que estean baseados no caso santiagués. ¿Por qué os diversos autores elixiron Compostela en detrimento doutras urbes máis dinámicas e industriosas como a Coruña, Vigo ou Ferrol?. A causa está intimamente vencellada co estado das fontes, moi ben conservadas e de fácil acceso.

Andrés Moreno e Francisco Vázquez sinalan que as mellores fontes arquivísticas para coñecer o tema da prostitución na época contemporánea son as de orixe municipal, debido a que naquelas poboacións que non eran capital de provincia e contaban con prostíbulos regulamentados, o Concello exercía como responsable principal das xestións de vixilancia e sanidade destes establecementos. Por outra banda, alomenos durante o período 1889-1892, correspondeulle á autoridade municipal (en toda España) o desenvolvemento deste servizo, coñecido desde 1865, como de *Higiene Especial*. Foi esta circunstancia a que deu lugar a unha documentación abundante: estadillos onde se mencionaban a categoría e o domicilio das “amas” e prostitutas inscritas, indicacións de altas e baixas das mesmas e as súas causas, regulamentos, partes de detención, queixas veciñais, correspondencia administrativa, etc. etc. Estes materiais non sempre se conservaron e máxime, cando no ano 1892 os Concellos, por orde do Ministerio da Gobernación, víronse na obriga de remitir toda esta documentación ós Gobiernos Cívís, institución que en adiante, se encargaría de xestionar o problema da prostitución⁶. Sen embargo, algúns

3 Guereña, Jean-Louis, “De historia prostitutionis...”, art. cit. Este mesmo autor sinala que coñece uns setenta e sete traballos sobre a prostitución na España contemporánea. Guereña, Jean-Louis, “Una aproximación sociolóxica a la prostitución”, en *Historiar*, 2, 1999, pp. 12-23.

4 Constitúen a excepción os traballos de Cebrián Franco, Juan José, *Prostitución y Sociedad*, ATE, Barcelona, 1977. Mora, Enrique, *Nuestra Prostitución*, Alvarellos, Lugo, 1980; que tratan a prostitución desde un ámbito sociolóxico.

5 Guereña, Josette, “Prostitution et domesticité en Espagne dans la deuxième moitié du XIXe siècle”, en Carrasco, Raphaël (ed.), *La prostitution en Espagne. De l'époque des Rois Catholiques à la IIe République*, Annales Littéraires de l'Université de Besançon, Les Belles Lettres, París, 1994, pp. 307-314. Guereña, Josette, “Trabajo doméstico y prostitución” en *Historiar*, nº 2, 1999, pp. 24-33. Rial García, Serrana Mercedes, “El control de la prostitución en el siglo XVIII compostelano: la fundación de la Casa de la Galera”, en Canterla, Cinta (ed.), *De la Ilustración al Romanticismo, 1750-1850. VII Encuentro La mujer en los siglos XVIII y XIX*, Universidad de Cádiz, 1994, pp. 331-338. Fernández Fernández, Carlos M., “Medicina y moral: la lucha contra las enfermedades venéreas en A Coruña (1920-1930)”, *Anuario Brigantino*, 19, 1996, pp. 195-204. Fraile, Antoine, “La prostitución en Santiago de Compostela: el ojo de las autoridades. Análisis del Registro Municipal de Higiene Especial (1902-1913)”, *Bulletin d'Histoire Contemporaine de l'Espagne*, 25, 1997, pp. 56-69. Fernández González, Manuel, “Aproximación a la prostitución y su reglamentación en Vigo durante el primer tercio del siglo XX”, *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 4, 1998, pp. 69-86. Pernas Oroza, Herminia, *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX*, Consorcio de Santiago & Nigra, Vigo, 2001, pp. 201-218.

6 Moreno Mengibar, Andrés e Vázquez García, Francisco, “Prostitución y racionalidad política en la España contemporánea...”, art. cit.

concellos como Santiago e Vigo, conservaron restos dos devanditos expedientes e informes, que foron examinados, en maior ou menor medida e en diferente cronoloxía, polos estudiosos do tema. Polo que a nós concirne, a estas fontes arquivísticas municipais engadimos a proporcionada polas distintas institucións que acollían prostitutas (hospitais, cárceres e casas de acollidas ou “arrepentidas”), cruzando sempre que fose posible, o seu contido con outro xénero de fontes como noticias e comentarios de prensa, monografíaas realizadas por hixienistas locais, padróns municipais, fontes literarias, etc.⁷

Elaborada entón unha primeira análise local (referímonos ós casos de Santiago e Vigo) cómpre iniciar unha fase de carácter globalizante, que poña ó descuberto as posibles semellanzas ou diferencias entre dúas cidades moi distintas pero que acadaron un mesmo interese para que a prostitución prendese e se desenvolvese nelas. Para o caso de Vigo ese “interese” residía na súa privilexiada situación xeográfica, unha das causas de que o porto vigués se beneficiara dun importante comercio marítimo e de que os grandes barcos de pasaxeiros fixesen escala no mesmo, contribuíndo mariñeiros, turistas, así como emigrantes e inmigrantes, a engrosar unha poboación de paso sempre considerable⁸. Esta poboación flotante que ficaba na cidade uns poucos días (entre un e catro), provocaba unha incesante actividade de

“maleantes, licenciados de presidio y de carteristas que constantemente morodean (sic) en esta población que raro es el día que no roban una cartera a un emigrante o inmigrante o hacen un robo con escalo (...)”.

Algúns deses visitantes, sobre todo os emigrantes e inmigrantes con escasos recursos económicos, aloxábanse en “fondas que debieran estar matriculadas como casas de lenocinio en donde se roba y estafa”⁹.

A poboación de Vigo incrementouse considerablemente ó longo do primeiro tercio do século XX, pasando de 23.259 habitantes en 1900 a 65.012 en 1930. Nese aumento de máis de 40.000 cidadáns influíron varios factores: a anexión do veciño concello de Bouzas en 1904, o saldo positivo do crecemento vexetativo, e sobre todo, a chegada de máis de 18.000 inmigrantes. Con esa base demográfica, as actividades industriais e comerciais (case sempre relacionadas coa pesca e coa condición portuaria da cidade) adquiriron un importante pulo nas primeiras décadas do século. En 1930, máis do 60%

7 Que precisamente, non se caracterizan pola súa abundancia. Xa Pérez Costanti indicaba que tanto as Ordenanzas como os Consistorios do Concello ofrecían “diminutas noticias” no referente “al ramo, que hoy, pródigos en eufemismos, llamamos de *Higiene Especial*”. P. Pérez Costanti, *Notas Viejas Galicianas*, Xunta de Galicia, 1993 (1ª edición 1925-27), p. 175.

8 “Vigo es una ciudad cosmopolita y en la que la población flotante es muy numerosa constantemente”. Moción presentada por Domingo Lago Carrera, presidente da Comisión de Policía, á Corporación Municipal en outubro de 1920. *Expediente para la creación de un dispensario dedicado a la consulta y curación de las enfermedades venéreas*, Carpeta San-Ben 8, Arquivo Municipal de Vigo (A.M.V.).

9 Apreciacións realizadas por “La Nobleza”, Sociedade de Fondistas e Similares de Vigo, nun escrito de 1927. *Fondo de la Subdelegación de Hacienda de Vigo*, Mazo G-11338, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.).

dos habitantes do núcleo urbano desenvolvían o seu traballo no sector terciario, mentres que os que o facían no secundario superaban o 25%. En canto á poboación activa feminina (onde hai que ter en conta que moitas das que nas fontes estatísticas aparecen como dedicadas ós “seus labores” traballaban fóra do fogar a tempo parcial ou nos negocios de propiedade familiar) sublíñase o importante número de mulleres empregadas nas fábricas de conservas (entre 1900 e 1907 a cifra de mulleres ocupadas nas conserveiras pasou de 1.000 a 4.000 e aínda continuaría medrando nos anos seguintes) e no sector servicios, sobre todo aquelas que formaban parte do servizo doméstico.

En Santiago o desenvolvemento da prostitución (aínda que en moito menor grao que en Vigo, como se verá a continuación) entresácase así mesmo, das funcións que caracterizaban á cidade: cabeceira dunha comarca agraria co papel de servir de centro de intercambio da súa produción, núcleo dunha importante actividade comercial e de servizos, distrito universitario, sede episcopal e, por último, praza cuarteleira, que recibía periodicamente compañías de guarnición.

A cidade do Apóstolo tamén viu incrementada a súa poboación no intervalo que media entre 1900 e 1930, pasando de 24.120 habitantes a 35.129; crecemento no que tivo moito que ver a anexión en 1925 do veciño concello de Conxo. Ó longo de todo o período, o sector económico máis destacado será o secundario, no que sobresaen os subsectores da construción, do coiro e da alimentación; aínda que a efectos contributivos era a actividade comercial a que pasaba a un primeiro plano. Carece Santiago de “mulleres obreiras” pero non de “mulleres traballadoras”, empregadas na súa maioría no sector servizos, e dentro deste no servizo doméstico, que ten case exclusivamente nome feminino.

2. O EXERCICIO DA PROSTITUCIÓN

Para todas as mulleres que se dedicaban ó exercicio da prostitución establecíase unha división en dúas clases: as que vivían e traballaban en *casas toleradas* (grupo que comprendía tanto ás propietarias destas casas, que recibían o nome de *amas*¹⁰, como ás prostitutas que alí residían, denominadas *pupilas* ou *huéspedas*) e aquelas que posuían domicilio independente, xa fose compartido ou individual, e que exercían o seu traballo nun prostíbulo ou ben na súa mesma vivenda¹¹. Durante os anos 1886 e 1887 todas as

10 Adoitan ser mulleres dunha certa idade, ligadas desde antigo a esta profesión e, xeralmente, con recursos. Cebrián Franco, Juan José, *Prostitución y Sociedad*, op. cit., pp. 24-25.

11 Art. 3 do *Reglamento de Higiene Especial*, Gobierno de la Provincia de La Coruña, 1884, p. 6, Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago (B.X.U.S.). As *casas toleradas* recibían o nome de “casas de amas con huéspedas” ou “casas de pupilas”; pero a parte destas e das casas-domicilio onde a muller se prostituía libremente, existían tamén as “casas de amas de recibir”, onde as prostitutas acudían por propia vontade ou a requirimento da dona, co fin de atopar clientes. Estas tres clases de casas aparecen citadas no *Reglamento de Higiene Especial* (art. 2) de 1882, Gobierno de la provincia de La Coruña, p. 3. B.X.U.S. E tamén no de 1925, no que se engade unha variante máis: a “casa de citas”, onde se facilita habitación. *Reglamento de Higiene de la Prostitución para La Coruña, Santiago y Ferrol*, art. 4. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (A.H.U.S.).

amas e huéspedas da cidade compostelá estaban clasificadas como de segunda clase e de terceira as prostitutas de rúa (chamadas *meretrices callejeras*) pero a partir de 1915 as *amas* pasan a ser consideradas de primeira clase¹².

Entre os anos 1913 e 1915 fican inscritas en Vigo 388 prostitutas e 47 propietarias de prostíbulo¹³; sen embargo, non todas tiñan por que exercer ó mesmo tempo, pois mentres unhas se daban de baixa outras instalábanse na cidade. Esta cifra acércase bastante á que ofrece outro documento que confirma a presenza de 300 prostitutas rexistradas en 1925¹⁴. Cinco anos máis tarde e segundo o padrón municipal había na cidade 101 prostitutas. Esta situación contrasta extraordinariamente coa que presenta Santiago, onde en 1915 había un total de 63 prostitutas, que aumentaron a 86 en 1920 para logo descender a 60 en 1925. Tamén aquí puidemos extraer para o ano 1930 o número de prostitutas a través do padrón municipal, que deu, igual que o de Vigo, a cifra máis pequena de todas: 24 prostitutas¹⁵.

O certo é que, houbese máis ou menos mulleres dedicadas á prostitución, as cifras por nós aportadas non se corresponden coas que verdadeiramente existían porque nos rexistros só aparecen inscritas as que traballaban nos prostíbulo tolerados (e é moi probable que nestes tampouco faltasen as ocultacións¹⁶) xunto con algunhas (moi poucas) que exercían por conta propia. Estas últimas a penas aparecen nas estatísticas debido a que o seu traballo era clandestino e, polo tanto, non figuraban rexistradas, resultando o seu seguimento moi difícil. Concluímos, pois, que para as dúas cidades o número de prostitutas sempre será máis grande do que reflicten as fontes oficiais, debido precisamente a ese continxente que supoñen as prostitutas clandestinas¹⁷.

12 Aínda así, en 1920 dun total de trece *amas* constatadas, unha figuraba como de segunda clase e outra, de terceira. En 1925 o seu número descendeu a oito, das que había unha de terceira clase. "Registro General de las *amas* de casas toleradas y *huéspedas* así como de *meretrices callejeras*" en *Fondo de Sanidad e Higiene Especial*, anos citados. A.H.U.S. Para a cidade de Vigo non apareceu ningunha mostra explícita desta distinción pero case que con toda seguridade tamén existía.

13 Trátase do *Registro Sanitario de Prostitutas* (1913-1915), Carpeta San-Ben, 32. A.M.V. No mesmo incluíase unha fotografía de cada prostituta indicándose tamén o seu nome e apelidos, lugar de nacemento, idade e trazos físicos (estatura, pelo, ollos, nariz, boca, cara e cor da pel).

14 Apéndice de 1925 ó *Proyecto de Reglamento de la profilaxis de las enfermedades venéreo-sifilíticas de Vigo*, 1922, Carpeta San-Ben 8. A.M.V.

15 É lóxico pensar que nos padróns non figuran todas as que son, xa que podían non estar empadroadas ou facelo mediante variados subterfuxios que se nos escapan á hora de contabilizalas como tales.

16 Resulta significativo que unha das medidas regulamentarias fose a de que os prostíbulo debían contar "con gabinetes en número discrecional en relación con el número de mujeres que a ellos acuden (...)". *Reglamento de la profilaxis pública de las enfermedades venéreo-sifilíticas de Vigo*, 1922, Carpeta San-Ben. A.M.V.

17 O concelleiro vigués Roberto Huertas denunciaba en 1918 que entre as rúas Urzaiz e Afonso XIII "está plagado de casas que trabajan clandestinamente, donde tienen mujeres que se dedican a la conquista de chicas muy jóvenes, hasta de 12 años en adelante". Carpeta San-Ben 7. A.M.V. En Santiago o médico hixienista Manuel Pereiro Cuesta, manifestaba que cara a 1932 practicaban "o seu comercio sexual" entre vintecincos e vintasete prostitutas regulamentadas. Pereiro Cuesta, Manuel, *Lo que la juventud no debe ignorar. Conferencia profiláctica de vulgarización científica*, Tip. Paredes, Santiago de Compostela, 1932, p. 4.

Durante todo o seu período activo acusaban estas mulleres un elevado grao de mobilidade, que era minuciosamente anotado nos “Registros de Higiene Especial”. As prostitutas podían desprazarse dun lugar a outro ou ben dunha casa a outra dentro da mesma cidade, pero era obrigatoria a súa comunicación á Sección de Hixiene, posto que todo cambio de domicilio sen notificación previa era obxecto de multa. Sen embargo, á hora de verificalos parece que atopaban certos obstáculos por parte das amas, o que deu lugar a que nos distintos regulamentos se recollese a prohibición de as amas opoñérense á variación de domicilio das súas pupilas. Era normal que a súa estadía na cidade non excedese os cinco anos e, ás veces, permanecían só uns meses. Acostumaban a darse de baixa para ausentarse a outras poboacións, frecuentemente para A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ferrol; e as menos, retirábanse: por enfermidade, por entrar no cárcere ou por ter saído “sostenida” (acollida por algunha institución de beneficencia ou por un particular)¹⁸.

A idade destas mulleres oscilaba entre os dezaioito-vintetrés anos e os trinta, pasando, as que superaban a trintena, a ser encargadas de prostíbulos. Sen embargo, en Compostela abundaban as prostitutas que xa tiñan pasado dos trinta, o que parece significar que o seu período activo era máis longo do que o das súas compañeiras viguesas. Unha explicación a este feito pode residir en que Santiago contaba cun nutrido número de institucións que exercían a caridade¹⁹, o que facía que a prostitución, en comparación con outras cidades, tivese menor envergadura e a súa oferta fose máis limitada. Así, estas mulleres que superaran os trinta anos e non contaban con aceptación nas principais cidades, trasladábanse a Compostela para finalizaren aquí o seu período activo. Pero estas idades deben ser aceptadas con reservas, xa que nos rexistros nunca aparece ningunha muller menor de dezaioito anos, sendo normal que non baixasen dos vintetrés. A realidade era outra ben distinta, posto que figuran *amas* multadas por admitiren nos seus locais pupilas de trece e catorce anos e tamén encargadas que ingresaron no cárcere por corrupción de menores; e incluso un garda municipal que foi suspendido do seu emprego por proporcionar menores para una casa de lenocinio²⁰.

En canto á súa procedencia xeográfica, os datos obtidos permitíronnos a elaboración da seguinte táboa:

-
- 18 Algúns exemplos extraídos dos Rexistros son: “Baja el 24 de abril de 1886 de la *Casa de la Antonia* al marcharse para Pontevedra. Regresa el 3 de mayo y pasa a la *Casa de la Servanda*”. Rexistro de 1886. “El 26 de noviembre de 1917 pasó a poder de su madre”. Rexistro de 1915. “Baja el 20 de noviembre de 1920 por encontrarse inútil para el trabajo”. Rexistro de 1920. “Registro de Higiene Especial”. Anos citados, en *Fondo de Sanidad. Higiene Especial*. A.H.U.S.
- 19 Nas derradeiras décadas do século XIX e os primeiros anos do XX xurdiron nesta cidade unha serie de congregacións e obras benéfico-relixiosas baixo o amparo de xesuítas e franciscanos. Unha relación das mesmas en Pose Antelo, José Manuel, *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*, Universidade de Santiago, 1992, pp. 226-231.
- 20 “Multas impuestas por la alcaldía: 1886, 1887 y 1888” en *Fondo de Sanidad. Higiene Especial, 1882-1895*. Ídem. ano 1911, documentos datados os días 15 e 18 de novembro. A.H.U.S.

TÁBOA I

PROCEDENCIA	PROSTITUTAS	
	SANTIAGO*	VIGO**
A CORUÑA	161	74
LUGO	25	34
OURENSE	20	49
PONTEVEDRA	50	50
TOTAL GALICIA	256	207
OUTRAS PROVINCIAS	35	99
ALEMAÑA	0	1
FRANCIA	1	3
PORTUGAL	9	71
NON CONSTA	2	7

* Datos extraídos de *Fondo de Sanidad. Higiene Especial* dos anos 1986-87, 1915, 1920 e 1925. A.H.U.S.

** Idem. *Registro Sanitario de Prostitutas* (1913-1915). A.H.V.

En ámbalas dúas cidades a maioría das prostitutas son de orixe galega, sendo a provincia da Coruña a que aporta un maior número. Os seus lugares de procedencia coinciden coas capitais provinciais xunto con aqueles núcleos urbanos máis destacados da rexión: Vigo, Santiago e Ferrol; ademais de outros semiurbanos como Carballo, Padrón e Mugardos (A Coruña), A Estrada, Silleda e Vilagarcía (Pontevedra) ou Vilalba (Lugo). Un dato salientable é o considerable número de prostitutas portuguesas establecidas en Vigo, procedentes sobre todo da cidade do Porto²¹. Nos rexistros non se especifica se se trata do propio núcleo urbano do concello ou das súas parroquias rurais pero, en todo caso, esta información vén confirmar que, xunto a aquelas mozas que abandonaban o campo para marchar á cidade coa finalidade de conseguir emprego no servizo doméstico e que eran facilmente seducidas polos encantos da urbe, hai outro continxente de prostitutas que procedían do ámbito urbano, ben da mesma cidade onde exercían ou doutra, e que “escollían” este recurso para escapar da pobreza na que vivían ou como unha forma de incrementar os seus reducidos ingresos económicos (taberneiras, lavadeiras). Non debe estrañar, pois, que a meirande parte das prostitutas sinalara como causa do seu oficio a “necesidade”, seguida do “vicio” (en varios casos) e da “seducción” (esgrimida por unha soa muller)²².

21 A presenza de cidadáns portugueses na cidade olívica non era algo circunstancial, posto que se rexistraba un constante intercambio de poboación entre ámbalas dúas partes da fronteira. A través dos datos do padrón de 1930, sabemos que residían na cidade 716 cidadáns portugueses: os homes traballaban preferentemente como canteiros e na industria da construción en xeral, facéndoo as mulleres no servizo doméstico. Pola súa parte, segundo a información do Centro Portugués radicado en Vigo, había nas mesmas datas uns 25.000 galegos traballando en Portugal, sobre todo no sector da hostalería. *El Pueblo Gallego*, 20-4-1932 e 24-1-1934.

22 Lamentablemente, só o rexistro santiagués correspondente ó ano 1887 nos proporcionou as causas que levaron a estas mulleres a caer na prostitución; sen embargo, ó tratarse dunha estatística oficial cabe preguntarse se esa causa que declaran é verdadeiramente certa ou a din só como un medio de xustificarse, pensando na súa reinserción social, previo paso pola denominada “Casa das Arrepentidas”.

Fose pola causa que fose, o certo é que realizaban o seu traballo envoltas nunhas condicións hixiénicas moi penosas. Nunha moción presentada á Corporación municipal viguesa, en 1919, polo concelleiro Domingo Lago Carrera afirmábase que as casas de prostitución carecían na súa totalidade das máis indispensables condicións de hixiene; situación que non se podía tolerar tendo en conta que os propietarios dos locais destinados a prostíbulos cobraban un alugamento esaxerado en relación co capital que as casas representaban en venda²³. En Santiago a situación era semellante a vulgar pola inspección realizada en tres dos prostíbulos con máis sona da cidade. En dous dos mesmos denunciábase a ausencia de luz directa, e no outro, a carencia de pozo séptico, polo que as augas cochas botábanse á rúa. Pero o denominador común ós tres era a porcallada xeral, a falta de aire limpo, unha atmosfera viciada e o mal estado do retrete, sen porta, sen luz directa e sen ningunha impermeabilización, espallándose os gases mefíticos por todas as habitacións²⁴.

A ubicación destas casas era céntrica, na área urbana da cidade, quedando para as “callejeras” ás áreas semiurbana e rural, aínda que, a partir de 1915, figuran tamén na segunda das mesmas. O seu emprazamento en lugares concorridos non estaba exento de problemas e os veciños protestaban ante a alcaldía ou a través da prensa debido á proximidade de certos prostíbulos a escolas ou igrexas²⁵. Parece que as autoridades municipais pretendían que estes establecementos se situaran nunha zona claramente delimitada de cara a facilitar os labores de control sobre as actividades que neles se exercían. Así, no *Reglamento de la profilaxis pública de las enfermedades venéreo-sifilíticas de Vigo* (1922) aparece tachado o artigo 10 no que se prohibía establecer casas de lenocinio nas inmediacións de centros de ensino, igrexas e cuarteis, procurando destinar unha barriada afastada para o seu asentamento.

En 1910 había na cidade de Vigo corenta e dúas casas de prostitución rexistradas²⁶, incrementándose esta cifra a cincuenta e dúas entre os anos 1913 e 1915²⁷. En Santiago pola contra, o número de prostíbulos non era moi elevado: nove en 1886, doce en 1887,

23 Moción do día 10 de novembro de 1919. Carpeta San-Ben 7. A.M.V.

24 Unha destas casas contaba con seis habitacións, cociña e comedor e soamente tiña o oco da porta e dúas ventás que daban luz a un vestíbulo, á cociña e ó comedor, mentres que o resto recibía a luz por claraboias con pequenos ventiladores pero era notoria a falta de aire limpo. Noutra casa era imposible soportar o estado nauseabundo do retrete debido a que non era tal senón unha latrina “de tiempos remotos”. Un estado semellante presentaba a terceira casa, que ademais non tiña ceo raso e as divisións eran de táboa. “Inspección de Higiene”, ano 1922 en *Fondo de Sanidad. Higiene Especial*, A.H.U.S.

25 En Santiago o prostíbulo da rúa da Oliveira estaba moi preto da igrexa parroquial de Santa María do Camiño, e na comercial rúa do Franco chegou a haber tres. *Fondo de Sanidad. Higiene Especial*, anos 1926 e 1911. En Vigo varios veciños queixábanse da “invasión de casas clandestinas (...) que toman asiento en cualquier casa de vecinos honorables cuyas hijas tienen, por fuerza, que contemplar espectáculos poco edificantes”. *El Pueblo Gallego*, 10-IV-1934.

26 *Relación de las casas de prostitución toleradas inscritas en el Registro General de Higiene* (c. 1910). Carpeta San-Ben 5. A.M.V.

27 Estes prostíbulos estaban rexentados por corenta e sete amas, aparecendo cinco repetidas dúas veces cada unha; pero non sabemos se cada unha delas dirixía dous prostíbulos á vez ou se a apertura dun novo local supoñía o peche do primeiro.

nove en 1915, catorce en 1920 e trece en 1925; mentres que os padróns de 1894 e 1930 rexistran, respectivamente, unha e catro casas deste tipo. O número de prostitutas que acollían, en ámbolos dous casos, adoitaba ser pequeno: entre dúas e catro máis a ama, sen faltar aqueles de máis renome que non baixaban de sete. As casas de lenocinio coñecíanse polo nome das amas, aínda que máis a miúdo eran citadas mediante alcumes: “Casa de la Servanda”, “Casa de Jesusa, la Paxareta”, “Casa de la Coronela”, “Casa de la Madre de Regla”, “Casa de la Cascarilla”, etc. Tamén tiñan un sobrenome as mulleres que nelas traballaban: “A Legoeira”, “A Michiña”, “A Portuguesa”, “A Picarratas”.

No referente a escándalos e críticas observamos que son moi poucos os recollidos nos rexistros oficiais e só en contadas ocasións aparecen na prensa. En caso de detencións, as prostitutas que non eran naturais do concello no que exercían remitíanse ós seus lugares de orixe. E foi precisamente nesta orde onde descubrimos a existencia dunha especie de “conexión” entre as dúas cidades estudadas, posto que as prostitutas que eran enviadas a Santiago procedían, na súa maioría, de núcleos portuarios, especialmente de Vigo, dándose tamén o caso contrario. Un aspecto coincidía en todas as detencións: a práctica da “prostitución con escándalo” (o que se castigaba non era o “vicio” senón a maneira de exercelo).

“Detenida M. J. Soto por haber promovido un escándalo en el Cantón de San Benito ejerciendo la prostitución con escándalo en la vía pública en perjuicio de la sana moral”.

“Notificación de la alcaldía de Vigo del envío a esta ciudad de dos mujeres por dedicarse a la prostitución con escándalo”²⁸.

Os xornais criticaban estes escándalos e pedían unha vixilancia máis severa²⁹; mentres que desde a alcaldía tamén se facía o posible para evitalos pero sen que iso danase este tipo de actividade. Así, o alcalde compostelán decretou o peche dun prostíbulo achegado á igrexa de Santa María do Camiño pero comunicou á ama que podía trasladar “su industria” a outro lugar previa autorización da alcaldía³⁰.

No referente á clientela que acudía ós prostíbulos, hai que ter en conta que o mundo do lenocinio constitúe tamén un tipo de sociabilidade, moi diferente da que nos ofrecen os círculos de recreo, orfeóns, sociedades de socorros mutuos, etc. pero que debe ser estudiado como un ámbito máis de sociabilidade –neste caso masculina–, na que teñen cabida todos os estratos sociais segundo fose a categoría do prostíbulo:

“Todos los jueves, al anochecer, muy embozado en su pañosa, va Don Bartolomé (concelleiro compostelán) a casa de la “Cascarilla” a verse con la “Michiña” (...)”³¹.

28 *Fondo de Orden Público*, mazos 1882 y 1883. A.H.U.S.

29 “Se pide mayor vigilancia en zonas como la Alameda o el paseo de la Rúa del Villar, con objeto de evitar la presencia en dicho punto de varias desgraciadas que ofenden la pública moralidad y las costumbres”. *La Nueva Idea*, 23-X-1870.

30 *Fondo de Sanidad. Higiene Especial*, ano 1926.

31 Pérez Lugín, Alejandro, *La Casa de la Troya*, Moret, A Coruña, 1964 (1ª edición en 1924), p. 93.

A presenza das clases populares queda perfectamente reflectida na novela de Blanco-Amor, *A Esmorga*, na que o seu autor recrea o ambiente prostibulario de Auria³².

Na cidade de Vigo parece que numerosos clientes formaban parte desa poboación flotante xa comentada; foi a afluencia de xentes de diferentes países a que fixo que as autoridades municipais ordenaran a impresión dunha serie de instrucións prácticas, redactadas en español, portugués, francés e inglés, para que as prostitutas as puxeran a disposición dos seus clientes. Alan Corbin sinala ó respecto que os prostíbulos servían de lugar de distracción pasaxeira para os turistas que buscaban facer da súa viaxe un período de ruptura na súa vida sexual cotiá³³.

Outra parte da clientela que visitaba os lupanares constituíana os militares, tanto os que formaban a guarnición das dúas cidades como os membros das dotacións dos buques que facían escala no porto vigués. Así, por exemplo, en 1913 o Gobernador Militar comunicaba á Alcaldía que no Hospital Militar atopábase ingresado un considerable número de membros da guarnición que padecían enfermidades venéreas. Así mesmo, o comandante do contra-torpedeiro “Proserpina” denunciaba, en xuño de 1909, que o prostíbulo rexentado por Jesusa “La Paxareta”, na rúa da Ferrería, non cumpría coas medidas hixiénicas, posto que varios membros da tripulación do buque resultaran enfermos despois de manter relacións sexuais coa mesma pupila³⁴. O *Reglamento de Higiene de la Prostitución para La Coruña, Santiago y Ferrol* (1925) establecía no seu artigo 49 que os médicos militares debían notificar ás autoridades sanitarias municipais os casos de enfermidades venéreas que se deran entre os membros do cuartel, expresando o domicilio e os sinais particulares da contaxiante ós xefes de Sanidade.

Era tamén numerosa a poboación estudiantil que se achegaba ata estas casas, de xeito que a Xunta Municipal compostelá de Sanidade pedía á Alcaldía, cara a 1909, que levase a cabo unha severa regulamentación das casas toleradas debido ó elevado número de mozos que vivían en Santiago de forma temporal. Na mesma liña o doutor Manuel Pereiro Cuesta manifestaba en 1932 a súa preocupación polos numerosos casos de enfermidades venéreas que se daban entre os 2.000 estudantes que residían nesta cidade durante o curso escolar³⁵. O seguinte exemplo resulta moi significativo ó respecto: un “escolar de Farmacia” denunciou ante a Policía que, atopándose na “casa de la Paca” (rúa do Pombal, nº 21), deixara derriba dun banco un impermeable que lle fora subtraído por un grupo de oito individuos que saíron antes ca el da citada casa. Marchou na súa

32 Blanco-Amor, Eduardo, *A Esmorga*, Galaxia, Vigo, 1978. Blanco, Carmen, *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Xerais, Vigo, 1995, pp. 99-107.

33 Corbin, Alain, *Les filles de nocte. Misère sexuelle et prostitution (19e siècle)*, Flammarion, París, 1982, p. 93.

34 Carpetas San-Ben 5 e 4 respectivamente. A.M.V. O mesmo Alain Corbin consideraba que o caso dos mariños e dos soldados era aínda máis claro, xa que a tradición e a vontade da administración militar lles impulsaban a satisfacer os seus desexos nun establecemento tolerado. Corbin, Alain, *Les filles de nocte...*, op. cit., p. 96.

35 Acta da sesión celebrada pola Xunta Municipal de Sanidade o 21-I-1909. A.H.U.S. Pereiro Cuesta, Manuel, *Lo que la juventud no debe ignorar...*, op. cit., p. 4.

procura e entrou na “casa de la Chelo” (na mesma rúa) onde lle dixeron que os tales mozos xa se foran e que un deles levaba un impermeable³⁶.

Tampouco faltaban nestes establecementos menores de idade, segundo se desprende dalgunhas multas atopadas³⁷.

3. O CONTROL DA PROSTITUCIÓN. ¿PROBLEMA SANITARIO OU BENÉFICO?

Desde o punto de vista sanitario a prostitución constituía un problema de enorme gravidade que as autoridades se afanaban senón por resolver, alomenos por controlar. O ingreso das prostitutas no hospital efectuábase a partir do recoñecemento do médico hixienista municipal, que decretaba no acto a baixa da enferma. As súas estadías no centro hospitalario adoitaban durar entre un mes ou mes e medio e o seu padecemento máis común era a sífilis, aínda que tamén se daban casos de enfermidades pulmonares e embarazos. Para os afectados e afectadas polas enfermidades venéreas funcionaba en Santiago o Hospital de San Roque (fundado polo Cabido no ano 1577) pero cara o derradeiro cuarto do século XIX os seus recursos eran tan precarios que soamente podía atender á curación dos doentes durante unha determinada época do ano –de abril ata xuño– e non contaba tampouco con persoal dedicado permanentemente a este labor. Sostíñase cunhas escasas rendas, que por riba compartía co Hospital de San Miguel, e sobre todo, da caridade privada³⁸. En 1909 a Xunta Municipal de Sanidade sinalaba que o continxente máis grande de enfermos que entraban no Hospital (en referencia ó Provincial) procedían de cidades portuarias, sendo bastante reducido ó número de naturais desta poboación. Deste feito deducían que a prostitución era un “servicio bien atendido y vigilado con mucha atención”³⁹.

Na cidade de Vigo, en 1925, o Gobernador Civil manifestaba o seu “grandísimo interés para que en toda la provincia se organice debidamente el régimen de Higiene Especial que evite la difusión de las enfermedades venéreo-sifilíticas”, sinalando tamén que despois de iniciada esta tarefa na capital da provincia, desexaba que tamén en Vigo se levara a cabo unha campaña, coa debida constancia, para obter resultados beneficio-

36 *La Voz de Galicia*, 7-XI-1933.

37 Unha ama foi multada por pasar a noite na súa casa un menor de trece anos. “Multas impuestas por la alcaldía”, ano 1886 en *Fondo de Sanidad. Higiene Especial, 1882-1895*. A.H.U.S.

38 A comezos do século XIX chegaron a recibir atención médica homes e mulleres divididos en tres quendas anuais de 200 persoas cada unha. Cara os anos trinta esta cifra descendeu para estabilizarse en torno ós 300/400 doentes anuais ata chegar ó último cuarto de século en que xa non se acadaban os 200 enfermos por ano. Quizais este descenso fose debido á regulamentación sanitaria encamiñada a prever os “males” causados pola prostitución. “Hospital de San Roque, 1835-1893” en *Fondo de Beneficencia*. A.H.U.S. Carpeta 426, Beneficencia, Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (A.H.D.S.). Pose Antelo, José Manuel, *La economía y la sociedad compostelanas...*, op. cit., pp. 235-36.

39 Acta do 21 de xaneiro de 1909. A.H.U.S.

sos para a saúde pública⁴⁰. Pola súa parte, o farmacéutico Manuel Fernández Casas (vocal da Xunta Municipal de Sanidade en tanto que Subdelegado de Farmacia) presentou unha moción na que pedía que se contemplaran catro medidas: que os médicos hixienistas fosen “decorosamente retribuídos” polo Concello, o establecemento dun dispensario coas debidas condicións, co material necesario e no que tamén se atendería gratuitamente a todos os homes que o solicitasen e que carecesen de recursos económicos, a instalación no Hospital Municipal dunha sala para tratamento e hospitalización das prostitutas e, finalmente, que se fixasen uns honorarios moi elevados para os recoñecementos que se solicitasen nas propias mancebías, obrigando así a que as prostitutas acudisen en persoa ás consultas gratuítas, xa que en 1925, de trescentas meretrices rexistradas, presentábanse ás mesmas entre oitenta e cento dez⁴¹.

Nun informe de 1932, o Inspector Provincial de Sanidade referíase ás enfermidades venéreas sinalando que “este problema importantísimo en todas las ciudades, lo es en alto grado en Vigo, debido a la gran población flotante que le da el tráfico de su puerto”. Subliñaba ademais, a grande mortalidade infantil:

“puesto que los hijos de sífilíticos o tuberculosos aun en el caso de no padecer formas declaradas de dichas infecciones, vienen al mundo con taras hereditarias que crean en su organismo un estado de menor resistencia frente a las enfermedades”⁴².

Para facer fronte a este problema contábase cunha casa de recoñecemento de prostitutas, “mal chamada dispensario antivenéreo”, na que traballaban facultativos de recoñecida capacidade e competencia, pero que estaban condenados a que a súa xestión non tivese a eficacia requirida⁴³.

Todas estas carencias e deficiencias das infraestructuras sanitarias en Vigo durante o primeiro tercio do século XX non foron superadas ó longo da Segunda República e así, cara a 1937, o médico José María Colmeiro Rey, responsable da Oficina de Sanidade Local, afirmaba que “Vigo con todo su orgullo y aspiraciones de población internacional, en la parte de organización sanitaria, figura a la cola de muchos pueblos de España, aun de los de inferior categoría a los de esta ciudad”. Ademais, denunciaba que

“no se llevó a efecto nada de organización conjunta en Vigo, solamente por egoísmos personales, economías mal entendidas, abulia y abandono. Tal vez en este delito sean

40 Nun comunicado do Gobernador Civil de Pontevedra ó alcalde de Vigo, con data do 23 de febreiro de 1925, infórmalle dun plan para unificar en toda Galicia as campañas contra as enfermidades venéreas para, deste modo, obter mellores resultados. Carpeta San-Ben 8. A.M.V.

41 Para evitar esa situación castigárase a incomparecencia coa detención da pupila e unha multa para a ama da casa. A reincidencia suporía o peche da casa. Acordo tomado na sesión da Xunta Municipal de Sanidade o 4 de maio de 1925. Carpeta San-Ben 8. A.M.V. A cifra das que acoden ós recoñecementos inclúese no apéndice de 1925 ó *Proyecto de reglamento de la profilaxis de las enfermedades venéreo-sifilíticas de Vigo* (1922). Carpeta San-Ben 8. A.M.V.

42 *Plan de reorganización de los servicios sanitarios de Vigo que propone al Ayuntamiento el Inspector Provincial de Sanidad*. 1932. Carpeta San-Ben 10. A.M.V.

43 *Plan de reorganización de los servicios sanitarios de Vigo...* ibidem.

cómplices igualmente, el temor del Municipio a represalias provinciales y la premeditada acaparación provincial con el consentimiento hasta de la parte técnica”⁴⁴.

En 1932 un editorial do xornal local *El Pueblo Gallego*, nunha das escasas ocasións en que na etapa republicana se aborda o tema da prostitución neste diario, salientaba a necesidade de contar cun Dispensario Antivenéreo en condicións para Vigo, posto que o que tiña nesas momentos atopábase en pésimo estado e, paradoxalmente, para chegar ata el era necesario pasar por diante dun prostíbulo⁴⁵. Nesta época créase, en marzo de 1933 e por iniciativa da Xunta Local de Protección de Menores, o *Preventorio Femenino “Matilde Huici”*, dedicado á formación daquelas nenas que contasen con menos recursos e con situacións familiares difíciles. Representaba o primeiro ensaio deste tipo en España.

A Beneficencia, aínda que non coa intensidade desexada, tamén actuou no terreo da prostitución. Así, a delegación local do *Patronato Real para la Represión de la Trata de Blancas* xa estaba instalada na cidade olívica desde 1908⁴⁶. Neste momento, o citado Patronato contaba con varias delegacións en Galicia (Pontevedra, Ferrol, A Coruña, Ourense e Santiago) que, como as do resto de España, estaban afectadas por unha precariedade de medios que limitaba considerablemente as súas accións. Tamén en Vigo, inaugurábase en 1913 o *Asilo de la Santísima Trinidad*, creado polo *Patronato para la Represión de la Trata de Blancas* e dirixido por monxas Trinitarias, que se estableceron na cidade este mesmo ano. O asilo instalouse primeiramente nunha casa e terreos na rúa da Ronda, cedidos para tal fin pola condesa de Torrecedeira, pero axiña contou cun edificio propio nuns pavillóns construídos ó efecto. A tarefa destas relixiosas baseábase en recoller mozas abandonadas ou desencarreiradas para educalas e ensinarlles os labores propios do seu sexo, sobre todo os da agulla, ata que eran reintegradas á vida normal. En 1924 o establecemento rexistrou un movemento de vintedúas asiladas, mentres que saíron dezaseis para colocar en talleres ou entregar as súas familias⁴⁷. A eficacia destes centros, cunha disciplina interna tan severa como inapropiada, non foi a desexada polos seus fundadores e recibiron duras críticas desde algúns sectores, ata o punto de acusalos de fomentar indirectamente a prostitución ó explotar ás internas como man de obra barata,

44 *Memoria-informe sobre la sanidad local de Vigo y sus deficiencias*. 1937. Carpeta San-Ben 11. A.M.V.

45 *El Pueblo Gallego*, 4-V-1932.

46 O obxectivo desta institución deixábao ben claro o secretario da Xunta Nacional en 1908: “No es la guerra contra la prostitución tolerada el fin que persiguen las almas generosas y cristianas que se han aprestado con entusiasmo a luchar en defensa de las esclavas blancas: es impedir que la mujer, no digamos las niñas, sea objeto de ese vil comercio sin entrañas, que ofende por igual todos los respetos y todos los sentimientos”. *Boletín del Patronato para la Represión de la Trata de Blancas*, nº 8, 1908, p. 21. A súa vicepresidenta foi Dolores Martínez, viúva de Pérez Castro, que foi tamén a primeira presidenta da Sección de Damas da Cruz Vermella de Vigo, constituída en 1904.

47 Álvarez Limeses, Gerardo, “Pontevedra” en Carreras y Candi, F. (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*, Ediciones Gallegas, A Coruña, 1980 (edición orixinal en 1936), vols. XII e XIII, pp. 114-116 e 913.

obrigando a prostituírse a traballadoras a domicilio que non podían competir cuns prezos tan baixos⁴⁸.

En Santiago a situación era semellante. En 1883 establecíase o *Asilo de las Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor*, coñecido vulgarmente como “Casa de Arrepentidas” (aínda que a autorización oficial non chegaría ata 1899), que tiña por obxecto recoller e amparar as mozas “extraviadas”⁴⁹. O seu precedente fora o *Hospitalillo de San Roque*, unha casa vella que funcionaba como institución de beneficencia e da que unicamente sabemos que no ano 1835 albergaba mulleres pobres e de “mal vivir”, sustentándose da caridade pública e da que lles proporcionaba a condesa de Oleiros, propietaria do inmovible⁵⁰. Con estas fundacións piadosas Santiago non facía senón seguir o exemplo doutras cidades: por exemplo, na propia capital do Estado fundábase en 1845 o *Colegio de jóvenes desamparadas de Madrid* por iniciativa da vizcondesa de Jorbalán, para que as mozas deixasen a súa vida de perdición e puidesen reinserirse na sociedade; e en 1891 inaugurábase en Xerez, nun casarío cedido por unha señora pertencente á burguesía xerezana, o *Instituto Religioso de Oblatas del Santísimo Redentor*⁵¹.

4. CONCLUSIONES

Segundo os datos expostos e á espera de posteriores análises derivadas do estudio doutras cidades, temos que concluír que non existen a penas diferencias no exercicio da prostitución entre Vigo e Santiago, a pesar de ser ámbalas dúas tan distintas. Isto significa que o perfil que se trace destas mulleres vén ser o mesmo. En primeiro lugar, hai que destacar sen ningún xénero de dúbidas, que o número de prostitutas regulamentadas non obedece á realidade, dado que só reflicte as que traballaban nos prostíbulos e unha cifra mínima de *callejeras*. A súa idade fica tamén falseada, dado que ningunha baixaba dos dezaioito/vinteún anos cando, en realidade, nos prostíbulos había menores. Poucas eran as mulleres que abandonaban este oficio e se o facían era só de xeito eventual (enfermidade ou ingreso no cárcere). As que o deixaban definitivamente era polo feito de seren recollidas por algún familiar ou institución benéfica.

48 Capel Martínez, Rosa María, “La prostitución en España: notas para un estudio sociohistórico” en Capel Martínez, Rosa María (coord.), *Mujer y sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura-Instituto de la Mujer, 1982, pp. 265-298. Scanlon, Geraldine M., *La polémica feminista en la España contemporánea (1868-1874)*, Siglo XXI, Madrid, 1976, pp. 113-116.

49 Pose Antelo, José Manuel, *La ciudad de Santiago en la primera etapa de la Restauración, 1875-1902*, Tese de doutoramento, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, 1989, p. 606.

50 “Hospitalillo viejo de San Roque”, ano 1835 en *Fondo de Beneficencia*. A.H.U.S.

51 Caro Cancela, Dionisio, “Una aproximación a la prostitución en el Jerez del siglo XIX” en Vázquez, Francisco José (coord.), *Mal Menor. Políticas y representaciones de la prostitución, siglos XVI-XIX*, Publicaciones de la Universidad de Cádiz, 1998, pp. 169-181.

Outro trazo común era o seu alto grao de mobilidade, desenvolvido ata dar lugar á existencia dun "circuíto" formado polos principais núcleos urbanos galegos: A Coruña, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Santiago. En canto á súa orixe xeográfica, contrariamente ó que cabería agardar, adoitaban pertencer ás capitais provinciais ademais doutros centros urbanos ou semiurbanos. Das que procedían de fóra de Galicia, a meirande parte eran da capital do Estado, á que seguían no caso de Vigo, Sevilla e Valladolid, e no de Santiago, Santander e Badaxoz.

A instalación dos prostíbulos en lugares concorridos daba lugar a queixas e protestas por parte dos veciños e era unha constante a falta absoluta de hixiene no seu interior, a pesar das medidas hixiénico-sanitarias contidas nos distintos regulamentos. As autoridades trataban de ocultar a práctica da prostitución e así, aplicaban prohibicións referidas á exhibición indecorosa das prostitutas en ventás e balcóns, que as súas saídas a rúa non se fixeran con vestimenta impropia, que non se dirixiran ós transeúntes con palabras ou actos censurables e incluso, chegou a prohibírselles percorrer as rúas durante o día e nunca antes das dez da noite. Pero unha cousa era a regulamentación e outra moi distinta o que sucedía na realidade. As distintas prohibicións, multas e normativas reflectían precisamente o que se quería evitar. Así, nos prostíbulos había mulleres que non estaban rexistradas, menores de idade, a miúdo o número de *pupilas* excedía o de habitacións e incluso as *amas* chegaban a estar confabuladas con algúns representantes da Autoridade que facían a vista gorda. As condicións hixiénicas non se cumprían e tampouco as condicións sanitarias destes locais eran precisamente boas. Ademais, estaba presente a reticencia de moitas prostitutas a acudir ós recoñecementos médicos. Pero se malo era o estado dos lupanares, non moito mellores eran as infraestructuras sanitarias con que se contaba para atallar os males derivados da prostitución: os médicos hixienistas non tiñan unha retribución acorde coa súa categoría social e os dispensarios antivenéreos carecían das debidas condicións, así como do material necesario para desenvolver o seu cometido: a Xunta Municipal de Santiago chegou a encarecer ó médico hixienista que o recoñecemento das prostitutas se practicasa con espéculo⁵². ¿Falta de medios ou desidia médica?

52 Sesión do 17 de xaneiro de 1912. *Actas de la Comisión de Policía e Higiene, 1910-1922*. A.H.U.S.